

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

**Día: 24.03.2023      Hora: 10:30**

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 24 de marzo de 2023, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 45479 (11/POC-008144)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do Centro Dramático Galego e do Consello da Cultura Galega  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 432, do 05.01.2023*
- 1.2 50313 (11/POC-009433)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en marcha medidas extraordinaria para reforzar e aumentar as bolsas para o estudantado  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 461, do 01.03.2023*
- 1.3 21270 (11/POC-009516)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Aira Díaz, María del Carmen e Queixas Zas, Mercedes  
Sobre a recuperación do nome do embarcadorio de Doade no concello de Quiroga  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 198, do 15.09.2021*  
*Publicación recualificación, BOPG n.º 465, do 08.03.2023*
- 1.4 44776 (11/POC-009552)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia  
Sobre a procedencia xeográfica das persoas beneficiarias dos bonos cultura nas campañas de 2021 e 2022  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 16.12.2022*  
*Publicación recualificación, BOPG n.º 468, do 17.03.2023*
- 1.5 47384 (11/POC-008843)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Vega Pérez, Daniel e 8 máis  
Sobre o recurso presentado pola Xunta de Galicia ante a decisión do

Instituto Geográfico Nacional respecto da denominación oficial da ría de Ribadeo

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 443, do 27.01.2023*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 48314 (11/PNC-004138)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio  
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para dotar o IES Ferrol Vello do necesario pavillón para a práctica deportiva  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 01.02.2023*
- 2.2 50541 (11/PNC-004317)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego, durante o ano 2023, para elaborar o proxecto de construción dun conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 08.03.2023*
- 2.3 46388 (11/PNC-004000)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis  
Sobre a necesidade de impulsar o recoñecemento da docencia innovadora entre os graos universitarios do Sistema universitario de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 436, do 12.01.2023*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023



Teresa Egerique Mosquera

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Vicepresidenta

María Elena Suárez Sarmiento

P

Secretaria

Noa Susana Díaz Varela

S

## **Vogais**

Daniel Castro García

BNG

María Sol Díaz Mouteira

P

José Luis Ferro Iglesias

P

Carlos Gómez Salgado

P

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

BNG

Noelia Otero Lago

S

Mercedes Queixas Zas

BNG

María Felisa Rodríguez Carrera

P

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 45479(11/POC-008144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do Centro Dramático Galego e do Consello da Cultura Galega

*Publicación da iniciativa, 432, 05.01.2023*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/12/2022 11:32:52  
Nº Rexistro: 45479  
Data envío: 26/12/2022 11:32:52.555

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de promover un novo rumbo para o CDG e CCG por parte do goberno galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado nesta cámara o progresivo desmantelamento ao que, desde hai trece anos, o goberno do Partido Popular desde a Xunta de Galiza condena as institucións e organismos culturais públicos.

As partidas económicas dirixidas ao CDG, CCG e CGAI presentan unha acumulación progresiva de recortes que supuxeron unha parálise case total ou parcial no proxecto que define desde a súa xénese estas unidades de produción cultural.

O Partido Popular trazou unha folla de ruta baseada na falta de autonomía, de relevancia social, cultural, no abandono e desprestixio aos que foron sometendo, en diversos capítulos, as unidades de produción escénica da Xunta de Galicia, tanto o CDG coma o CCG.

Transcorridos trece anos de goberno o PP segue sen afrontar un proxecto sólido que reforce estes organismos públicos dependentes da AGADIC nin tampouco cumprir os anuncios reiterados como é a dotación da praza de dirección para o CGAI, actualmente vacante desde hai varios anos por mor da xubilación do anterior director.

CSM-REXISTRO-FB81YNNZE-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 26/12/2022 11:32:52

Nº Rexistro: 45479

Data envío: 26/12/2022 11:32:52.555

O CCG perdeu a figura de dirección como unidade de produción singular, substituído por un departamento que une música e danza, restándolle importancia a ambas disciplinas, relegando a un plano marxinal as artes do movemento e cun orzamento para 2023 de 100.000 euros, máis baixo aínda que en 2022.

A isto súmase recentemente un novo capítulo de desprestixio das artes escénicas: o da censura do título da obra no material promocional do espectáculo Recortes, caneos e outras formas de driblar o día da súa estrea. Unha falta de respecto perversa, asentada na suposta capacidade de intervir ideoloxicamente na actividade dun órgano creativo coma o CDG.

Á vista do proxecto de orzamentos que o PP presenta para 2023 fica confirmado que o labor dos órganos de creación cultural públicos segue sen ser unha prioridade na acción de goberno e aínda distan moito do investimento de 2009.

No Grupo Parlamentar do BNG entendemos que é urxente promover un novo rumbo para o CCG, CGAI e para o CDG, con plenas garantías de medios, estrutura xurídica e promoción social, adaptadas ás esixencias da xestión cultural do século XXI e ás oportunidades dos grandes valores das nosas artes escénicas e audiovisuais.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Que pretende a Xunta de Galiza co CCG e o CDG?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2022

CSX4 REXISTRO-FB5Y4M2E-9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/12/2022 11:32:52**  
**Nº Registro: 45479**  
Data envío: 26/12/2022 11:32:52.555

Asdo.: Mercedes Queixas Zas  
**Daniel Castro García**  
**Manuel Lourenzo Sobral**  
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/12/2022 11:32:18**

**Daniel Castro García na data 26/12/2022 11:32:22**

**Mercedes Queixas Zas na data 26/12/2022 11:32:31**

CSV REGISTRO-FBnyNMZE-9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 50313(11/POC-009433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en marcha medidas extraordinaria para reforzar e aumentar as bolsas para o estudiantado

*Publicación da iniciativa, 461, 01.03.2023*



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/02/2023 12:31:44  
Nº Rexistro: 50313  
Data envío: 21/02/2023 12:31:44.047

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, deputadas **pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O cumprimento do deber constitucional de garantir a igualdade no acceso á educación require a remoción de calquera obstáculo de natureza socioeconómica que dificulte ou impida o exercicio deste dereito fundamental. Esta garantía constitucional do dereito á educación esixe que ninguén quede excluído do acceso e permanencia tamén no ensino de niveis que non sexan obrigatorios ou gratuítos por razóns socioeconómicas, para o que é preciso establecer mecanismos de exención de taxas e prezos públicos ou de compensación destes gastos a través de bolsas e axudas ao estudo. Deste xeito, pode inferirse que o Constituínte fixou a obrigaición dos poderes públicos de establecer un sistema de bolsas e axudas para garantir o dereito de todos e todas á educación.

O Goberno do Estado ten asumido nos últimos tempos un compromiso firme coa dimensión social da educación e co impulso dunha política de bolsas e axudas ao estudo que garanta que ningún estudante abandone os seus estudos post obrigatorios por motivos económicos, asegurando así a cohesión social e a igualdade de oportunidades. Neste sentido, o Goberno anunciou o seu propósito de reformar en profundidade o sistema de bolsas e axudas ao estudo. Así, xa no curso 2020-2021, implementáronse algunhas medidas de reforma do modelo consistentes na redución dos requisitos académicos, a elevación do limiar 1 de renda familiar ata case equiparalo co limiar da pobreza, o incremento en 100 euros de determinadas contías, e algunhas melloras dirixidas aos colectivos de estudantes con necesidade específica de apoio educativo, como a inclusión na convocatoria de axudas para o alumnado con

CSM-REXISTRO-PGJABVSUS-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2023 12:31:44**  
**Nº Rexistro: 50313**  
Data envío: 21/02/2023 12:31:44.047

necesidade específica de apoio educativo dunha parte do alumnado con trastorno do espectro autista que, ata entón, non tiña acceso a estas axudas. Ademais, incluíronse outras modificacións como a elevación ata os vinte e tres anos a idade dos fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero para acceder ás bolsas e axudas ao estudo con maior flexibilidade nos requisitos académicos requiridos con carácter xeral.

No curso 2021-2022, tras varios exercicios de orzamentos prorrogados, incrementouse de forma moi significativa o financiamento das bolsas con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado. En efecto, o orzamento de 2021 recolleu un incremento de 475,5 millóns de euros na dotación do programa “Bolsas e axudas a estudantes”, respecto ao último orzamento aprobado (2018) o que permitiu seguir abordando novas medidas no proceso de reforma do modelo, tales como a redución da cualificación requirida nos estudos conducentes á obtención dos denominados másteres habilitantes. Así mesmo, incrementouse a contía da bolsa básica para o alumnado de ciclos formativos de Grao Básico e incorporouse ao alumnado con trastorno grave de comunicación e da linguaxe como posibles beneficiarias e beneficiarios das axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo con o artigo 73 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na nova redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

Para o curso 2022-2023, realizouse tamén un importante esforzo orzamentario, cun incremento no exercicio 2022 en 100 millóns de euros na dotación do programa “Bolsas e axudas a estudantes”. Igualmente, completouse a redución das notas esixibles para a obtención de bolsa nos estudos de Máster, que se introduciu o curso anterior, estendendo esa redución da cualificación requirida aos estudos conducentes á obtención dos Másteres non habilitantes. Pero, ademais, nese curso 2022-2023, procedeuse á revisión dos calendarios e prazos de presentación de solicitudes e das fases do proceso de xestión das bolsas de maneira que a gran maioría das persoas solicitantes poidan coñecer,



CSV REXISTRO-FG/ABVSUS-3

Validado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2023 12:31:44**  
**Nº Registro: 50313**  
Data envío: 21/02/2023 12:31:44.047

antes do comezo do curso escolar, se van resultar elixibles para a obtención de bolsa.

Para o próximo curso 2023-2024, consolídanse estas reformas descritas para os cursos anteriores. Como novidade, a Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, dotou con 200 millóns de euros un crédito orzamentario para axudas ao estudo por necesidades extraordinarias, destinado a axudar a familias cuxos fillos e fillas precisan residir fose do domicilio familiar para estudar ou teñen algunha necesidade educativa específica, para apoiarlles nos esforzos económicos adicionais que asumen, especialmente no actual contexto, cunha grave crise enerxética e o seu impacto no custo da vida.

O incremento da contía da bolsa de residencia na convocatoria anual de bolsas de carácter xeral para estudos postobligatorios, que alcanzará un importe de 2.500 euros, fronte aos 1.600 do curso anterior, está orientado a facilitar que os alumnos e alumnas poidan continuar os seus estudos nunha localidade distinta da propia, con especial incidencia en familias de contornas rurais, particularmente da España baleira, cuxos fillos e fillas teñen que desprazarse e residir noutras cidades para poder cursar estudos post obrigatorios. Isto supón un sobrecusto para elas e un factor de desigualdade entre as cidades e as áreas rurais, agravado na situación actual, que require de apoios extraordinarios para estes alumnos e alumnas.

O subsidio para gastos adicionais de carácter xeral derivados da escolarización de estudantes incluídos na convocatoria anual de axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que terá un importe de 400 euros, xustifícase polo feito de que as familias con fillos ou fillas que teñen estas necesidades asumen uns custos adicionais moi significativos para atender os requirimentos vitais dos seus fillos e fillas, o que, unido ás circunstancias económicas actuais, fai preciso un soporte extraordinario, que se sumará ás



CSV: REGISTRO-PGJABVSUS-3

Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/02/2023 12:31:44**  
**Nº Registro: 50313**  
Data envío: 21/02/2023 12:31:44.047

contías que xa figuran na referida convocatoria, resultando un incremento adicional das axudas con este subsidio.

A suba xeneralizada de prezos precisa mecanismos extraordinarios e firmes para paliar as desigualdades e o cumprimento do deber constitucional de garantir a igualdade no acceso á educación que require a remoción de calquera obstáculo de natureza socioeconómica que dificulte ou impida o exercicio deste dereito fundamental.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia a posta en marcha dalgunha medida ou mecanismo extraordinario no marco das súas competencias para reforzar e aumentar as bolsas para o estudantado galego neste contexto de aumento de prezos e dificultade económica tal e como está a facer o Goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 21/02/2023 12:28:09**

**Noa Susana Díaz Varela na data 21/02/2023 12:28:15**



CSX4 REGISTRO-PGJABVSUS-3

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 21270(11/POC-009516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a recuperación do nome do embarcadorio de Doade no concello de Quiroga

*Publicación da iniciativa, 198, 15.09.2021*

*Publicación recualificación, 465, 08.03.2023*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/09/2021 11:10:34  
**Nº Rexistro: 21270**  
Data envío: 09/09/2021 11:10:34.066

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Monforte de Lemos atópase o embarcadoiro de Doade. Doade é unha parroquia intermunicipal que pertence aos concellos de Monforte e Sober. No concreto, o embarcadoiro está na parroquia de Doade, termo municipal de Monforte de Lemos.

Se tomamos a división municipal como referencia observamos como parte da parroquia de Doade pertence a Monforte, en concreto os núcleos dos Palleiros, O Colado e San Pedro de Baños e (sen habitantes) .

Dende a Presidencia do goberno da Deputación de Lugo cámbiase o nome do lugar onde se encontra o embarcadoiro e de onde saen os catamaráns da deputación de Lugo operados por Tragsa, creando un novo topónimo para un lugar que xa estaba nomeado dende tempos inmemoriais, polo que se considera un topónimo asentado. Para maior complicación o “novo topónimo” coincide con outro xa existente e asentado na propia Ribeira Sacra (marca turística e xeodestino). Ponte do Sil é un lugar do termo municipal de Quiroga (véxase o nomenclátor de Galicia).

A normativa en vigor na comunidade galega conduce a determinar que corresponde á Xunta de Galiza fixar os topónimos oficiais dos municipios, non sendo en

CSM-REXISTROX2021-TM65  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/09/2021 11:10:34**  
**Nº Rexistro: 21270**  
Data envío: 09/09/2021 11:10:34.066

ningún caso competencia para determinar os topónimos dos concellos ou deputacións correspondentes.

As procuras toponímicas realizadas por internet conducen en moitas ocasións ao concello de Quiroga ocasionando graves problemas ás persoas que se achegan á Ribeira Sacra para desfrutar dun paseo en catamarán por unha paisaxe natural e patrimonial única.

En todo caso, non ten lóxica cambiar un nome a un embarcadoiro, que tradicionalmente se chama como o lugar onde se encontra, por un nome que causa confusión polo número de "Ponte do Sil" que hai entre o Barco de Valdeorras e Os Peares e que está enclavada na coñecida como Ribeira de Doade tanto na parte monfortina como na de Sober, e menos cando traballamos baixo o mesmo xeodestino.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten coñecemento a Xunta de que foi cambiado o Topónimo de Doade por Ponte do Sil?

A toponimia é patrimonio un patrimonio inmaterial que demostra a humanización do territorio, é polo tanto incongruente consentir que se deturpe, ou que calquera administración poida impoñelo segundo o seu criterio e logo pretendamos que se reconeña a Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, son conscientes disto?

Pensa a Xunta facer valer as súas competencias sobre a toponimia do lugar de Doade de xeito que ás persoas ou grupos que fan a busca poidan garantir unha chegada directa e sen confusións á zona do embarcadoiro?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/09/2021 11:10:34  
Nº Rexistro: 21270  
Data envío: 09/09/2021 11:10:34.066

Como pensa a Xunta facer valer as súas competencias normativas sobre os topónimos cando se modifican de xeito arbitrario?

Van vostedes dende o goberno tomar a responsabilidade sobre as súas competencias para que as arbitrariedades toponímicas no creen tanta confusión nas persoas turistas que cheguen a prexudicar a economía da zona?

Pensa a Xunta de Galiza que ten xustificación chamarlle a un embarcador Ponte do Sil cando sempre se chamou "de Doade" porque está na parroquia de Doade e na Ribeira de Doade?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 09/09/2021 11:08:48**

**María del Carmen Aira Díaz na data 09/09/2021 11:08:54**

CSV: REXISTROX2C:L:TrM5  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 24.03.2023**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 44776(11/POC-009552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a procedencia xeográfica das persoas beneficiarias dos bonos cultura nas campañas de 2021 e 2022

*Publicación da iniciativa, 422, 16.12.2022*

*Publicación recualificación, 468, 17.03.2023*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/12/2022 11:32:56  
Nº Rexistro: 44776  
Data envío: 07/12/2022 11:32:56.936

## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Co obxecto de fomentar o consumo de produtos culturais nun momento de crise provocado pola pandemia da Covid19, a Xunta de Galicia decidía convocar no ano 2021 os Bonos Cultura, unha decisión acertada que axudou ás empresas culturais a superar as dificultades polas que estaban atravesando.

O Goberno galego decidía cara a finais de 2022 volver convocar unha nova edición dos bonos pese a que en sede parlamentaria, e a instancias do Grupo Socialista, o conselleiro afirmara que non se reeditaría. No seu día as socialistas solicitamos un informe acerca dos produtos culturais consumidos, así como a incidencia que estes bonos tiveron sobre o territorio, pero a única resposta que obtivemos foron datos globais sen apenas detalle.

A falta de datos concretos sobre esa incidencia, o Grupo Socialista considera necesario que se presente no Parlamento de Galicia un informe con esa información. E con máis motivo aínda dado que este ano os Bonos Cultura -un total de 20.000- se esgotaron en apenas unhas horas, o que significa que foron as persoas con mellores medios tecnolóxicos e de lugares con maior oferta cultural as que se fixeron con eles.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é a procedencia xeográfica das persoas beneficiarias dos Bonos Cultura nas campañas de 2021 e 2022?
- 2ª) En termos absolutos, en que concellos se investiron os Bonos Cultura?
- 3ª) Como se distribuiron os bonos por franxas de idade?
- 4ª) Disgregado por concellos, en que tipo de produtos culturais se investiron eses bonos?
- 5ª) Disgregado por concellos, que tipo de establecementos se adheriron?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/12/2022 11:32:56**  
**Nº Registro: 44776**  
Data envío: 07/12/2022 11:32:56.936

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 05/12/2022 19:32:30**

**Noelia Otero Lago na data 05/12/2022 19:32:43**

CSX, REGISTRO: 03zpohtuic0  
Verificar  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 47384(11/POC-008843)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 8 máis

Sobre o recurso presentado pola Xunta de Galicia ante a decisión do Instituto Geográfico Nacional respecto da denominación oficial da ría de Ribadeo

*Publicación da iniciativa, 443, 27.01.2023*

### Á Mesa do Parlamento

**Daniel Vega Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez** deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

A Xunta de Galicia vén de recorrer a decisión do Instituto Geográfico Nacional (IGN) sobre a denominación oficial da ría de Ribadeo. O Goberno galego presenta un recurso de alzada ante o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana logo de que outorgase ao topónimo Ría del Eo carácter de nome alternativo, o que supón o mesmo nivel de oficialidade e uso que Ría de Ribadeo.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia vén defendendo a necesidade de facer valer a opción tecnicamente correcta, que pasaría por manter a forma Ría de Ribadeo como a única oficial para denominar a ría na que desemboca o río Eo, deixando a outra opción como unha variante.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é o fundamento principal do recurso presentado pola Xunta de Galicia ante a decisión do Instituto Geográfico Nacional sobre a denominación oficial da ría de Ribadeo?
2. Con que respaldos conta a Xunta de Galicia na súa posición de favorecer o criterio técnico e científico que reconece a forma establecida como preferente ata o momento, é dicir, a forma Ría de Ribadeo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2023 17:50:11**

**José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2023 17:50:29**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 17:51:09**

**Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 17:51:20**

**Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 17:51:37**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 17:51:51**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 17:52:00**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 17:52:15**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 17:52:40**



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 48314(11/PNC-004138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para dotar o IES Ferrol Vello do necesario pavillón para a práctica deportiva

*Publicación da iniciativa, 446, 01.02.2023*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/01/2023 17:09:09  
Nº Rexistro: 48314  
Data envío: 25/01/2023 17:09:09.017

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), deputados do Ramón Fernández Alfonzo e Manuel Lourenzo Sobral, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as necesidades do IES Ferrol Vello do concello de Ferrol.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Ferrol Vello carece desde o inicio da súa actividade como centro de educación secundaria da infraestrutura necesaria para impartir as aulas de educación física, xa que carece dun pavillón deportivo.

Este feito implica ter que desprazar ao profesorado e aos alumnos e alumnas as instalacións de FIMO para poder desenvolver alí a materia de Educación Física, con todo o que isto supón de perda de horas nos desprazamentos, agrupar as horas semanais desta materia, ademais do gasto que supón ter que contratar de xeito regular un bus para estes desprazamentos.

Desde a Comunidade Educativa do centro vense reclamando á administración educativa a construción dun ximnasio para o centro que se adecúe á lexislación vixente para poder impartir con normalidade unha materia de impartición obrigatoria.

Esta situación non é ningunha novidade e desde hai moitos anos a comunidade educativa leva reclamando que por parte das administracións con competencias nesta materia, Xunta de Galiza e Concello de Ferrol, se solvente esta cuestión.

CSM-REXISTRO-9FEJGnwP1-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csw/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2023 17:09:09**  
**Nº Registro: 48314**  
Data envío: 25/01/2023 17:09:09.017

Se non fose posíbel dotar ao centro desta nova infraestrutura no actual espazo físico que ocupa, existe unha alternativa cuxa idoneidade concita un amplo consenso que é a construción dun polideportivo no solar que ocupa a vella fábrica de xabón existente nas inmediacións do instituto.

En todo caso o necesario pavillón deportivo para o centro tamén daría servizo fóra das horas lectivas ás necesidades de dinamización deportiva do barrio e do conxunto da cidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar as modificacións de crédito necesarias para iniciar de inmediato as obras para dotar ao IES Ferrol Vello do necesario pavillón para a práctica deportiva.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Deputado do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2023 17:09:09**  
**Nº Rexistro: 48314**  
Data envío: 25/01/2023 17:09:09.017

**Ramón Fernández Alfonzo na data 25/01/2023 17:07:17**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2023 17:07:20**

CSX4 REXISTRO-9REJGWP1-5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 50541(11/PNC-004317)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego, durante o ano 2023, para elaborar o proxecto de construción dun conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 465, 08.03.2023*



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/02/2023 10:47:44  
Nº Rexistro: 50541  
Data envío: 27/02/2023 10:47:44.112

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Noa Díaz Varela** e **Noelia Otero Lago**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do ano 2020 o Grupo Parlamentario do PSdeG presentaba na Comisión 4ª de Cultura unha proposición non de lei que instaba a Xunta de Galicia a construír en Santiago de Compostela un Conservatorio profesional de danza, facendo nosa a reivindicación da plataforma creada *ad hoc* que conta cun gran apoio social, así como co da Federación de Anpas, dos sindicatos de ensino que compoñen as distintas mesas de educación, dos grupos municipais do Concello de Santiago e dos grupos parlamentarios agás o Popular.

A proposta Socialista foi rexeitada cos votos do Grupo Parlamentario do Partido Popular aducindo que non había demanda e, por tanto, necesidade.

Estes días coñecemos que a presidenta da Comisión de Cultura mantíña unha xuntanza coa Plataforma pola creación dun conservatorio de danza en Santiago na que, segundo manifestou o colectivo, a voceira do PP parece coincidir na importancia da creación dese conservatorio e comprometiase a trasladar ao conselleiro responsable esa demanda.

No Grupo Socialista congratulámonos do cambio de postura do Grupo Parlamentario que sostén o Goberno galego, o que, sumado ao compromiso por parte do concello compostelán de ceder terreos para a construción do conservatorio, podería facer finalmente efectiva esta instalación educativa e cultural tan necesaria.

Santiago de Compostela é unha cidade cun forte peso cultural no país, ademais de ser cidade universitaria e cun emprazamento xeográfico privilexiado, e por iso parece razoable establecer nesa cidade unha nova dotación educativa nesa disciplina artística, como así se vén demandando por parte da cidadanía compostelá desde hai case unha década. Proba diso, son

CSM-REXISTRO-MH-HdrAd-9  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/02/2023 10:47:44**  
**Nº Registro: 50541**  
Data envío: 27/02/2023 10:47:44.112

as preto de 5.000 sinaturas que recolleu a Plataforma e a unanimidade da corporación do concello compostelán.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar en 2023 o proxecto de construción dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 27/02/2023 10:41:09**

**Noelia Otero Lago na data 27/02/2023 10:41:27**



CSX REGISTRO-MHhoktrAd9

Validado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 24.03.2023

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 46388(11/PNC-004000)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a necesidade de impulsar o recoñecemento da docencia innovadora entre os graos universitarios do Sistema universitario de Galicia

*Publicación da iniciativa, 436, 12.01.2023*

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª, Educación e Cultura**

### Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia, desde o respecto á autonomía das universidades, leva varios anos traballando na racionalización e modernización da oferta de titulacións universitarias na nosa comunidade, ao tempo que promove a excelencia, a calidade e a adaptación do modelo universitario galego ás necesidades e intereses da sociedade actual.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten atribuídas as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

No seu día, este departamento impulsou unha iniciativa pioneira en España como é a mención de “Máster Universitario Excelente”. Esta idea partiu do convencemento de que a excelencia require dun esforzo de autoavaliación e xestión continua para o cal a concesión da mención de máster universitario excelente, introduciu un instrumento de carácter voluntario para a mellora progresiva da oferta académica especializada do SUG, recoñecendo a solvencia científico-técnica e a capacidade formadora de determinadas titulacións.

O Grupo Parlamentario Popular entende que este paso ten sido positivo para o SUG e, logo de varias convocatorias da mención do Máster Universitario Excelente, considera de interese afondar neste tipo de iniciativas que recoñece a docencia innovadora para outras titulacións, en concreto, para os grados.

Trataríase de dar un paso máis na sensibilización da comunidade universitaria de Galicia sobre a relevancia da innovación educativa para adaptarse ás transformacións que a nivel de procesos, métodos, ferramentas, materiais e contidos esixe a sociedade do coñecemento. Recoñecer a excelencia e o esforzo pola calidade axuda a motivar no crecemento de novas iniciativas que contribúan a mellorar a presenza das universidades galegas nos rankings internacionais.



Pensando no alumnado, no profesorado e nas propias universidades galegas, pode ser de interese impulsar a innovación do conxunto do SUG a través do recoñecemento das boas prácticas de docencia innovadora en graos universitarios presentes na nosa comunidade.

Para Galicia sería positivo facer máis visible entre a cidadanía aquelas propostas innovadoras de grao que xa se están a desenvolver nas distintas titulacións do SUG. Ademais de recoñecer os esforzos xa realizados e coa participación voluntaria nesta nova iniciativa ou mención para graos innovadores, o Grupo Parlamentario Popular cre que así tamén se contribúe a mellorar a oferta de titulacións no SUG.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar o recoñecemento da docencia innovadora entre os graos universitarios do Sistema Universitario de Galicia (SUG), para o que se terán en conta criterios como: a estratexia e resultado do grao, o itinerario formativo, o deseño da aprendizaxe, o profesorado, a avaliación formativa e a empregabilidade da titulación universitaria”

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 03/01/2023 11:42:06**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 03/01/2023 11:42:28**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/01/2023 11:42:31**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 03/01/2023 11:43:10**

**José Luis Ferro Iglesias na data 03/01/2023 11:43:15**

**Gómez Salgado, Carlos na data 03/01/2023 11:43:42**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 03/01/2023 11:43:49**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/01/2023 11:53:23**  
**Nº Rexistro: 46388**  
Data envío: 03/01/2023 11:53:23.793

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 03/01/2023 11:44:28**

CSV, REGISTRO-xml, 43b4f4-9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

